Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Educación Auditiva e Vocal

Curso escolar 2026/ 2027

Índice

1.Introdución	5
2. Obxectivos xerais das ensinanzas	6
2.1 Grao elemental	6
3. Obxectivos específicos	7
3.1 Grao elemental	7
4. 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL	8
4.1 Obxectivos	8
4.2 Contidos	8
4.3 Avaliación	8
4.3.1 Criterios de avaliación	9
4.3.2 Mínimos exixibles	10
4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	10
4.3.4 Criterios de cualificación	11
4.4 Medidas de recuperación	11
4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	11
4.4.2 Probas extraordinarias de XUNIO	12
5. 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL	13
5.1 Obxectivos	13
5.2 Contidos	14
5.3 Avaliación	14
5.3.1 Criterios de avaliación	15
5.3.2 Mínimos exixibles	16
5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	16
5.3.4 Criterios de cualificación	17
5.4 Medidas de recuperación	17
5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	17
5.4.2 Probas extraordinarias de xunio	18

6. 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 19

6.1 Obxectivos 19
6.2 Contidos 19
6.3 Avaliación 20
6.3.1 Criterios de avaliación 20
6.3.2 Mínimos exixibles 22
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación 22
6.3.4 Criterios de cualificación 23
6.4 Medidas de recuperación 23
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios 23
6.4.2 Probas extraordinarias de xunio 24

7. 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 25

7.1 Obxectivos 25
7.2 Contidos 25
7.3 Avaliación 26
7.3.1 Criterios de avaliación 26
7.3.2 Mínimos esixibles 28
7.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación 28
7.3.4 Criterios de cualificación 29

7.4 Medidas de recuperación 29
7.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios 29
7.4.2 Probas extraordinarias de xunio 30

8. Metodoloxía 31

9. Atención á diversidade 31

10. Temas transversais 32

10.1 Educación en valores 32

10.2 Tratamento das TIC´s **32**

11. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas **33**

12. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica **34**

13. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento **34**

14. Bibliografía **36**

1. Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior. Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

Relacións interdisciplinares

Educación auditiva e vocal:

Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao elemental

- O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

-Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica vocal, da calidade do son e da interpretación.

- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao elemental

— Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
— Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
— Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
— Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

4. 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4.1 OBXECTIVOS:

Educación Auditiva
— Percepción de sons longos e curtos. Altura relativa do son.
— Percepción básica do son.
— Recoñecemento auditivo de dó – sol.
— Percepción da frase musical: pregunta – resposta.
— O acento.

Educación Vocal
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz.
— Interpretación de cancións de autor a unha voz

4.2 CONTIDOS:

Educación Auditiva
— Percepción de sons longos e curtos. Altura relativa do son.
— Percepción básica do son.
— Recoñecemento auditivo de dó – sol.
— Percepción da frase musical: pregunta – resposta.
— O acento.

Educación Vocal
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz.
— Interpretación de cancións de autor a unha voz

4.3 AVALIACIÓN:

— O alumnado deberá amosar, a través dunha proba auditiva, a asimilación dos contidos do trimestre.
— Interpretación vocal dunha peza utilizando as técnicas de respiración, relaxación, vocalización, afinación, empaste, articulación e fraseo aprendidas na clase.

Educación Auditiva
— Percepción auditiva da segunda metade da escala de dó maior.
— Percepción dos graos conxuntos e disxuntos.
— Percepción e identificacións dos sons graves. A clave de Fa.
— Percepción e práctica dos valores de catro pulsos.
— Identificación auditiva de compases.

Educación Vocal
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz e con obstinatos.
— Interpretación de cancións de autor a unha voz.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Canons a dúas voces iguais.

4.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Entoación (20%)

— Recoñece se unha melodía soa “igual” ou “diferente”.
— Intenta cantar afinado en cancións sinxelas.
— Mellora pouco a pouco cando aparece algunha desafinación.

Vocalización (20%)

— Pronuncia palabras e sons de xeito comprensible.
— Fala ou canta cunha voz natural, sen forzar.
— Proba a proxectar a voz cando canta en grupo.

Ritmo (20%)

— Bate palmas ou move o corpo seguindo o pulso dunha canción.
— Intenta manter un ritmo básico durante a interpretación.
— Comeza a coordinarse nas entradas e finalizacións co grupo.

Respiración (20%)

— Realiza pequenas pausas de aire sen interromper demasiado a canción.
— Vai aprendendo a soster frases curtas.
— Empeza a practicar a respiración máis fonda para mellorar o canto.

Participación en audicións públicas e actividades de aula (20%)

— Asiste ás actuacións con disposición positiva.
— Mantén unha actitude respectuosa no escenario.
— Colabora cos compañeiros/as e participa con entusiasmo.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

4.3.2 MÍNIMOS EXIXIBLES:

— Cantar ou interpretar en grupo diversas cancións ou exercicios sinxelos propios do nivel, mostrando progresos na afinación e no ritmo.
— Participar nunha audición pública, mantendo unha actitude positiva e colaborativa no escenario.
— Empregar a respiración e a técnica vocal básicas, adecuadas ao nivel, amosando mellora progresiva no control da voz.

4.3.3 PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

— Observación continua na aula: seguimento da participación, esforzo e progreso en entoación, ritmo, respiración e vocalización.
— Rexistro de actividades prácticas: valoración das interpretacións individuais e en

grupo realizadas durante as sesións.
— Participación nunha audición pública ao longo do curso, valorando tanto a interpretación como a actitude escénica.

4.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:
— Cada un dos 5 criterios (Entoación, Vocalización, Ritmo, Respiración, Participación en audicións públicas e actividades de aula) vale o 20% da nota total.
— A puntuación de cada criterio vai de 1 a 10.
— A nota final é a media aritmética deses cinco apartados.

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

4.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

4.4.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS:

A non xustificación de mais de 2 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de duas obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será cantada de memoria.

- Realizar un exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°1)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

4.4.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUNIO:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida polo profesor, que será entonada e aplicara los criterios de avaliacion.

- Realizar un exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°1)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

5. 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

5.1 OBXECTIVOS:

Educación Auditiva:

— Práctica de figuras rítmicas coñecidas (negras, corcheas) e descubrimento da semicorchea a través de xogos.
— Exercicios de escoita e repetición de pequenas frases rítmicas e melódicas.
— Mellora da memoria musical a partir de cancións curtas ou xogos de pregunta-resposta.
— Escoita e diferenciación de cancións en modo maior e menor.
— Recoñecemento auditivo de saltos melódicos sinxelos (por exemplo, segundas e terceiras).
— Iniciación á práctica de contratempos moi sinxelos, a través de palmas ou percusión corporal.
— Probas auditivas en tonalidades sinxelas xa coñecidas (dó maior, la menor).
— Primeiros exercicios para recoñecer a nota sensible en melodías coñecidas.

Educación Vocal:

— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz e con obstinatos.
— Interpretación de cancións de autor a unha voz.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Canons a dúas voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

5.2 CONTIDOS:

Educación Auditiva:
— Percepción e práctica da corchea e o seu silencio.
— Desenvolvemento da memoria musical a través de pequenos fragmentos.
— Diferenciación auditiva entre o modo maior e o menor.
— Diferenciación auditiva de intervalos numéricos.
— Práctica das notas a contratempo.
— Probas auditivas en do maior.
— División do pulso en catro fraccións.
— Probas auditivas en la menor.
— Diferenciación auditiva da síncopa.
— Percepción auditiva da sensible.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz e con obstinatos.
— Interpretación de cancións de autor a unha voz.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Canons a dúas voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

5.3 AVALIACIÓN:
— O alumnado deberá amosar, a través dunha proba auditiva, a asimilación dos contidos do trimestre.
— Interpretación vocal memorizada dunha peza utilizando as técnicas de respiración, relaxación, vocalización, afinación, empaste, articulación e fraseo aprendidas na clase.

Educación Auditiva:
— Percepción auditiva de fragmentos e compases.
— Probas auditivas en dó maior e la menor.
— Diferenciación auditiva entre pulso binario e ternario.
— Práctica auditiva sobre intervalos.
— Proba auditiva en fa maior.
— Percepción auditiva para lograr a distinción entre acordes maiores e menores.

— Probas auditivas en re menor.

Educación Vocal:

— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a dúas voces.
— Interpretación de cancións de autor a dúas voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Cánones a tres voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

5.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Entoación (20%)

— Mantén unha afinación xeral adecuada en cancións coñecidas.
— Segue melodías un pouco máis longas ou con pequenos saltos.
— Corrixe de maneira máis autónoma pequenas desafinacións.

Vocalización (20%)

— Articula palabras e sons con maior claridade na interpretación cantada.
— Emite a voz de forma natural e máis controlada.
— Proxecta a voz de xeito máis consciente cando canta en grupo.

Ritmo (20%)

— Segue o pulso e diferentes acentuacións rítmicas en cancións e xogos.
— Mantén o ritmo en exercicios con combinacións de figuras sinxelas (negras, corcheas, semicorcheas).
— Coordínase co grupo en entradas e finalizacións con maior seguridade.

Respiración (20%)

— Realiza pausas de aire máis planificadas en frases musicais algo máis longas.
— Mantén o sostemento de frases sinxelas sen perder afinación.
— Aplica a respiración fonda para mellorar o control da voz no canto.

Participación en audicións públicas e actividades de aula (20%)

— Participa nunha audición pública mostrando confianza e serenidade crecente.
— Mantén unha actitude positiva, respectuosa e de colaboración no escenario.
— Implícase no traballo en grupo con entusiasmo e responsabilidade.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

5.3.2 MÍNIMOS EXIXIBLES:

— Cantar ou interpretar en grupo diversas cancións ou exercicios sinxelos propios do nivel, mostrando progresos na afinación e no ritmo.
— Participar nunha audición pública, mantendo unha actitude positiva e colaborativa no escenario.
— Empregar a respiración e a técnica vocal básicas, adecuadas ao nivel, amosando mellora progresiva no control da voz.

5.3.3 PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

— Observación continua na aula: seguimento da participación, esforzo e progreso en entoación, ritmo, respiración e vocalización.
— Rexistro de actividades prácticas: valoración das interpretacións individuais e en grupo realizadas durante as sesións.
— Realización dun mínimo dunha audición pública durante o curso, tendo en conta a interpretación e a actitude escénica.

5.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

— Cada un dos 5 criterios (Entoación, Vocalización, Ritmo, Respiración, Participación en audicións públicas e actividades de aula) vale o 20% da nota total.
— A puntuación de cada criterio vai de 1 a 10.
— A nota final é a media aritmética deses cinco apartados.

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

5.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

5.4.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS:

A non xustificación de mas de 2 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de duas obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será cantada de memoria.

- Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°2)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

5.4.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUNIO:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de duas obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida polo profesor, que será entonada e aplicara los criterios de avaliacion.

- Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°2)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

6. 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1 OBXECTIVOS:

Educación Auditiva:
— Práctica de tons, semitóns.
— Audición de intervalos de 2ª, 3ª e 4ª.
— Audición de acordes maiores e menores.
— Audición de intervalos de 5ª, 6ª, 7ª e 8ª.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a dúas voces.
— Interpretación de cancións de autor a dúas voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Cánones a duas, tres e catro voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

6.2 CONTIDOS:

Educación Auditiva:
— Práctica de tons, semitóns.
— Audición de intervalos de 2ª, 3ª e 4ª.
— Audición de acordes maiores e menores.
— Audición de intervalos de 5ª, 6ª, 7ª e 8ª.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a dúas voces.
— Interpretación de cancións de autor a dúas voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Cánones a duas, tres e catro voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

6.3 AVALIACIÓN:

6.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:
— O alumnado deberá amosar, a través dunha proba auditiva, a asimilación dos contidos do trimestre.
— Interpretación vocal dunha peza utilizando as técnicas de respiración, relaxación, vocalización, afinación, empaste, articulación e fraseo aprendidas na clase

Educación Auditiva:
— Práctica sobre intervalos numéricos dende a 2ª ata a 8ª.
— Probas auditivas a dúas voces (iniciación).
— Análise auditivo de fragmentos.
— Diferenciación auditiva de acordes maiores e menores.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a dúas voces.
— Interpretación de cancións de autor a dúas e tres voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Canons a duas, tres e catro voces iguais.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

Entoación (20%)

— Mantén a afinación de maneira constante en cancións máis longas.
— Segue melodías con saltos e cambios de dirección máis variados.
— Corrixe as desafinacións con maior seguridade e autonomía.

Vocalización (20%)

— Articula con claridade en cancións con diferentes dinámicas e frases máis complexas.
— Controla mellor a emisión da voz, evitando tensións.
— Proxecta a voz con maior uniformidade tanto en interpretación individual como en grupo.

Ritmo (20%)

— Mantén o pulso en combinacións rítmicas máis variadas (incluíndo síncopas e contratempos sinxelos).
— Reproduce patróns rítmicos con maior precisión, tanto individualmente como en grupo.
— Coordínase con seguridade en entradas, cortes e cambios de compás ou dinámica.

Respiración (20%)

— Planifica pausas de aire en frases máis longas e complexas.
— Mantén o sostemento vocal con estabilidade e afinación.
— Emprega a respiración costo-diafragmática de forma máis consciente no canto.

Participación en audición pública e actividades de aula (20%)

- Participa en, polo menos, dúas audicións públicas ao longo do curso.
— Mantén unha actitude positiva, colaborativa e respectuosa no escenario.
— Mostra maior confianza, expresividade e responsabilidade na interpretación grupal e individual.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

6.3.2 MÍNIMOS EXIXIBLES:

— Cantar ou interpretar en grupo e individualmente cancións ou exercicios propios do nivel, mostrando progresos na afinación, no ritmo e na expresividade.
— Participar en, polo menos, dúas audicións públicas, mantendo unha actitude positiva, colaborativa e con maior seguridade no escenario.
— Empregar a respiración e a técnica vocal con máis control, adecuadas ao nivel, amosando sostemento en frases máis longas e mellora progresiva no uso da voz.

6.3.3 PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

— Observación continua na aula: seguimento da participación, esforzo e progreso en entoación, ritmo, respiración e vocalización, valorando tamén a capacidade de mellora autónoma.
— Rexistro de actividades prácticas: avaliación das interpretacións individuais e en grupo, tanto de cancións como de exercicios con maior variedade rítmica e melódica.
— Participación en polo menos dúas audicións públicas durante o curso, tendo en conta non só a interpretación e a actitude escénica, senón tamén a seguridade, expresividade e colaboración co grupo.

6.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

— Cada un dos 5 criterios (Entoación, Vocalización, Ritmo, Respiración, Participación en audicións públicas e actividades de aula) vale o 20% da nota total.
— A puntuación de cada criterio vai de 1 a 10.
— A nota final é a media aritmética deses cinco apartados.

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

6.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

6.4.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS:

A non xustificación de mais de duas ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, O alumno terá dereito a un exame de cada avaliacion e no mes de Xuño será a extraordinaria.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de 3 obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será cantada de memoria.

- Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno*

(curso n°3), seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Unha obra escollida por sorteo.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

6.4.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUNIO:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida polo profesor, que será entonada e aplicara los criterios de avaliacion.

- Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°3)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Unha obra escollida por sorteo.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

7. 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

7.1 OBXECTIVOS:

Educación Auditiva:
— Proba auditiva de interválica.
— Diferenciación de compases.
— Percepción auditiva de escalas menores.
— Probas auditivas a una e dúas voces en clave de sol e fa.
— A frase musical.
— Percepción auditiva de acordes maiores e menores.
— Análise auditivo de fragmentos.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a duas e tres voces.
— Interpretación de cancións de autor a duas e tres voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Cánones a distintos intervalos.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

7.2 CONTIDOS:

Educación Auditiva:
— Proba auditiva de interválica.
— Diferenciación de compases.
— Percepción auditiva de escalas menores.

— Probas auditivas a una e dúas voces en clave de sol e fa.
— A frase musical.
— Percepción auditiva de acordes maiores e menores.
— Análise auditivo de fragmentos.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a duas e tres voces.
— Interpretación de cancións de autor a duas e tres voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.
— Cánones a distintos intervalos.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

7.3 AVALIACIÓN:

7.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:
— O alumnado deberá amosar, a través dunha proba auditiva, a asimilación dos contidos do trimestre.
— Interpretación vocal dunha peza utilizando as técnicas de respiración, relaxación, vocalización, afinación, empaste, articulación e fraseo aprendidas na clase.

Educación Auditiva:
— Proba auditiva de interválica.
— Análise auditivo de fragmentos.
— Probas auditivas a una e dúas voces en clave de sol e fa.
— Percepción auditiva de acordes maiores e menores.
— Diferenciación de compases.

Educación Vocal:
— Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.
— Exercicios de afinación e empaste.
— Exercicios de articulación e fraseo.
— Interpretación de cancións infantís e populares a duas e tres voces.
— Interpretación de cancións de autor a duas e tres voces.
— Cancións responsoriais e recreativas.

— Cánones a distintos intervalos.
— Interpretación de cancións con percusión rítmica.

Entoación (20%)

— Canta con afinación segura en pezas de maior dificultade.
— Segue melodías con cambios máis amplos e variados sen perder estabilidade.
— É capaz de autocorrixirse cando detecta unha desafinación.

Vocalización (20%)

— Pronuncia con claridade en todo tipo de cancións, tamén nas de maior extensión.
— Mantén unha voz flexible e ben colocada, evitando esforzos innecesarios.
— Utiliza a voz con expresividade, diferenciando matices entre partes suaves e fortes.

Ritmo (20%)

— Mantén o pulso en estruturas rítmicas máis variadas e complexas.
— Reproduce con precisión secuencias rítmicas combinadas.
— Demostra coordinación fluída nas entradas, cortes e cambios de tempo.

Respiración (20%)

— Distribúe o aire de maneira axeitada en frases longas.
— Sostén notas e pasaxes sen perder estabilidade nin afinación.
— Emprega a respiración como recurso expresivo para mellorar a interpretación.

Participación en audición pública e actividades de aula (20%)

— Participa dúas ou máis actuacións públicas ao longo do curso.
— Mostra unha presenza escénica segura e respectuosa co grupo.
— Interpreta con maior compromiso, expresividade e responsabilidade persoal.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

7.3.2 MÍNIMOS EXIXIBLES:

— Cantar pezas propias do nivel con afinación e ritmo recoñecibles, demostrando progresos tanto en grupo como de maneira individual.
— Tomar parte, polo menos, en dúas actuacións públicas, asumindo unha presenza escénica correcta e unha actitude comprometida co conxunto.
— Aplicar unha respiración máis consciente e unha técnica vocal axeitada, que lle permitan soster frases máis longas e interpretar con claridade e expresividade.

7.3.3 PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

— Observación continua na aula: valoración da participación, do esforzo e da evolución en entoación, ritmo, respiración e vocalización, así como da capacidade de traballar con autonomía.
— Rexistro de actividades prácticas: avaliación das interpretacións individuais e colectivas, tanto en cancións como en exercicios que incorporen maior variedade rítmica, melódica e expresiva.
— Probas de escoita e repetición: pequenas tarefas de memoria musical, recoñecemento auditivo e resposta vocal ou rítmica.
— Participación en polo menos dúas actuacións públicas, na que se teñan en conta a interpretación, a presenza escénica e a actitude colaborativa co grupo.

7.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

— Cada un dos 5 criterios (Entoación, Vocalización, Ritmo, Respiración, Participación en audicións públicas e actividades de aula) vale o 20% da nota total.
— A puntuación de cada criterio vai de 1 a 10.
— A nota final é a media aritmética deses cinco apartados.

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

7.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

7.4.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS:

A non xustificación de mais de duas ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais. O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será cantada de memoria.

- Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°4)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Unha obra escollida por sorteo.

- Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

7.4.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUNIO:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida polo profesor, que será entonada e aplicara los criterios de avaliacion.

Realización dun exercicio de entoación do libro *Lenguaje musical todo en uno (curso n°4)*, seleccionado polo profesor e traballado na aula.

- Unha obra escollida por sorteo.

Demostrar o dominio da respiración e vocalización exixída no curso.

Criterios de avaliación	Porcentaxe	Puntuación
Entoación	25%	1 - 10
Vocalización	25%	1 - 10
Ritmo	25%	1 - 10
Respiración	25%	1 - 10
Total	100%	**Nota final:** 1 - 10

8. METODOLOXÍA:

A metodoloxía utilizada polos profesores de Educación Auditiva e Vocal a pesar de presentar características individuais en función da personalidade de cada un, a idade dos alumnos, o nivel de coñecementos do grupo (que en determinados casos pode alterar os contidos e a secuencia da programación, etc., posúe un importante punto en común: trátase dunha metodoloxía activa, significativa e construtiva: cada elemento explicado é a base para o entendemento dun novo elemento. A práctica e a teoría interactúan constantemente entre sí.

Dita metodoloxía implica directamente ao alumno e baséase na aprendizaxe e no descubrimento de situacións comunicativas que fomentan a creatividade e a propia autonomía dos alumnos.

A planificación das clases realizarase sempre de acordo co programa a desenvolver durante o ano, e tamén tendo en conta a distribución trimestral da materia.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

O tratamento á diversidade non pode pasar desapercibido no noso proxecto curricular.

Os docentes temos a responsabilidade de concretar intervencións encamiñadas a atender problemas específicos dos distintos alumnos.

As pautas a seguir para estas intervencións comezan cando no principio do curso facemos a avaliación inicial e esta permítenos identificar trazos da diversidade. Os máis característicos que xorden nas nosas aulas son:

- O seu diferente nivel musical.
- As dificultades concretas nas distintas áreas da materia.
- A súa diferente actitude e interese (motivación).
- O grao de adaptación segundo as condicións innatas para a música.

Dado que nos atopamos con algunhas destas dificultades, e como as nosas clases son de grupo, xurdirá a necesidade de manter un fío condutor de xeito que o rendemento desigual non traia como resultado disfuncións no colectivo. Un alumno destacado non debería monopolizar toda a atención do profesor ao igual que ningún alumno con dificultades debe ser nunca ignorado.
Debemos atopar fórmulas de adaptación mediante a distribución de tarefas e deberes de xeito distinto, poñendo en xogo recursos e estratexias variadas para que ao final de curso o alumno poida acadar no esencial os obxectivos fixados nesta programación.

10. TEMAS TRANSVERSAIS:

10.1 EDUCACIÓN EN VALORES:

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

10.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN: (TIC´s).

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. O aula telecentro do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

11. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS:

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, i estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeto e convivencia, entre outros.

- Audicións. Programaranse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na sua dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espiritu criítico.

- Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

- Visitas culturais: o centro poderá organizar saidas cunha finalidade artístico-cultural. Especificamente, pola condición dos estudos musicais, a estas alturas da formación do alumnado é máis que recomendable a visita ao taller dun luthier (podemos atopar luthieres profesionais no ámbito galego). Esta práctica permite aos alumnos profundar no coñecemento físico do seu instrumento, así como realizar preguntas sobre o proceso de construción e reparación. Unha vez máis, estariamos proporcionando ao alumnado elementos para o desenvolvemento dun criterio ben informado.

-Asistencia a ensaios de orquestras profesionais. No ámbito galego contamos con dúas orquestras profesionais, como son a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña, e a Real Filarmonía de Galicia, radicada en Santiago. Para o alumnado resulta moi enriquecedor o contacto coa profesión e a posibilidade de observar un proceso de traballo real. Sería desexable redondear o exercicio mediante unha sesión de preguntas e respostas no caso de que o director e os músicos manifestasen a súa conformidade.

- Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas

- Programación de audicións comentadas: na medida que permítan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as

proxeccións de videos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor. A actividade enriquécese en gran medida coa apertura dun debate posterior no que os/as alumnos/as poidan expoñer e confrontar as súas ideas.

12. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

O procedemento de valoración, revisión desenvolvemento e resultado da programación didáctica desta materia realizarase por parte do profesorado que imparte á mesma mediante as probas internas de control, os posibles examenes e/o audición se concertos ordinarios ou extraordinarios, reflectindo os resultados nas actas das reunións departamentais asi coma nas actas das avaliacións trimestrais do centro.

13. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO:

O procedemento para realizar a avaliación interna do Departamento levarase a cabo polo conxunto de profesores que forman parte do mesmo e quedará reflectido na Memoria final do Departamento que se engadirá á Memoria Xeral do Centro. Na avaliación que realizará o departamento indicarase o número de alumnos da materia, baixas, aprobados, suspensos en tanto por cento, ao tempo que se sinalará aquelas circunstancias que sexan destacables do proceso de aprendizaxe do alumnado, tanto os obxectivos acadados coma os non acadados e as causas que motivaron os mesmos.

CRITERIOS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA:

O/a profesor/a de instrumento, tras a observación continuada na aula e a participación do alumno/a nas actividades programadas, considera que este:

1. Cumpre con solvencia os mínimos esixibles do curso actual.
2. Demostra de maneira anticipada varias das competencias propias do curso superior, tanto no ámbito instrumental como en educación auditiva e vocal.
3. Mantén un rendemento estable e continuo, non só en situacións puntuais.
4. Presenta unha actitude positiva, responsable e madura, que lle permite afrontar novos retos académicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA:

— A avaliación realízase sobre os cinco apartados básicos: entoación, vocalización, ritmo, respiración e participación en audición pública e actividades de aula, todos eles cunha ponderación do 20%.
— A cualificación final calcúlase mediante a media aritmética dos cinco apartados.
— O alumno/a deberá acadar, polo menos, o mínimo esixible en cada un dos apartados (superando o 40% en cada criterio).
— Para poder optar á ampliación de matrícula, o alumno/a deberá obter unha cualificación final mínima de 7 sobre 10.

Criterios de avaliación	**Porcentaxe**	**Puntuación**
Entoación	20%	1 - 10
Vocalización	20%	1 - 10
Ritmo	20%	1 - 10
Respiración	20%	1 - 10
Participación en audicións públicas e actividades de aula	20%	1 - 10
Total	100%	**Nota Final:** 1 - 10

BIBLIOGRAFÍA:

- Lenguaje musical todo en uno.
  María Agustina Perandones Mánuel.
  Editorial: Ediciones Toys and Dreams Music.

- Cantate.
  Cristina Contreras Zamorano.
  Editorial: Rivera editores.

- Educación de la voz.
  Pilar Escudero.
  Editorial: Real Musical.

- Educación musical, rítmica y psicomotriz.
  Pilar Escudero.
  Editorial: Real musical.

- Educación Vocal y Auditiva.
  Cristina Precedo, Rocío Galdo, Zulema Galan.
  Editorial: Galinova.